



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado 10 de outubro publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución da Axencia Galega de Innovación do 23 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do **Programa de axudas ás aceleradoras privadas de apoio ao emprendemento innovador**.

Esta convocatoria ofrece, por **primeira vez en Galicia**, axudas ás entidades privadas que, na nosa comunidade, están a desenvolver **actividades de aceleración de proxectos empresariais innovadores**, así como aos proxectos máis destacados en cada unha delas.

Para ser beneficiarias das axudas, as empresas solicitantes deberán ter domicilio social ou centro de traballo en Galicia, **realizar actividades de aceleración de proxectos de innovación e contar cunha experiencia contrastada** nas devanditas actividades. O seu programa de aceleración deberá estar **especializado nun sector ou temática concreta** que estea aliñada cos retos e prioridades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), e que non corresponda co ámbito de actuación das aceleradoras nas que xa colabora a Axencia Galega de Innovación (GAIN).

As axudas terán unha contía máxima de **125.000 euros por aceleradora** que se distribuirá, de acordo co programa de aceleración presentado, entre gastos de funcionamento da aceleradora (ata 50.000 euros) e apoio financeiro directo para os gastos de desenvolvemento dos proxectos empresariais innovadores previamente validados por GAIN (ata 75.000 euros). Ademais, tres proxectos de cada aceleradora terán un **financiamento adicional de 50.000 euros** a través dos fondos de capital risco vinculados á innovación xestionados por XesGalicia.

Unha iniciativa de 1,1 millón de euros que vén a completar o **Mapa de Apoios á Innovación** no que refire ao programa emprendemento innovador, e permitirá dotar a Galicia dunha completa **Rede de Aceleradoras da Innovación** especializadas naquelas temáticas e sectores clave para o crecemento económico da nosa comunidade.

Para participar nesta convocatoria, cuxo prazo remata o vindeiro **10 de novembro**, está habilitado o **procedemento IN856A** na **Sede Electrónica da Xunta de Galicia**. Na nosa **páxina web** podes atopar toda a información necesaria. Consúltanos calquera dúbida no correo electrónico **servizos.gain@xunta.gal** e nos teléfonos **981 957 393** e **881 999 160**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.